



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



IES DE CATABOIS
NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL
e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



Proxecto Educativo

IES de Catabois



ÍNDICE

1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

- 1.1. Nome
- 1.2. Titularidade e financiamento
- 1.3. Ubicación e contorna
- 1.4. Infraestruturas
- 1.5. Oferta educativa
- 1.6. Réxime de permanencia e horario
- 1.7. Centros adscritos
- 1.8. Actividades complementarias e extraescolares
- 1.9. Outros servizos
- 1.10. Persoal

2. SINAIS DE IDENTIDADE E VALORES

- 2.1. Linguas do Centro
- 2.2. Metodoloxía para a aprendizaxe
- 2.3. Xestión do Centro
- 2.4. Formación do profesorado

3. FINS

- 3.1. Ámbito pedagóxico
- 3.2. Ámbito institucional e administrativo
- 3.3. Ámbito humano e convivencial

4. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

5. CONCRECIÓN CURRICULAR (Anexo I)

6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (Anexo II) (Inclúe o Plan de Convivencia)

7. DIFUSIÓN DO PEC

8. VIXENCIA E REVISIÓN



ANEXOS:

- I. CONCRECIÓN CURRICULAR (CC)**
- II. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMIENTO E CONVIVENCIA (NOFC)**
- III. PLAN DE CONVIVENCIA (PCON)**
- IV. PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)**
- V. PLAN DE ACCIÓN TITORIAL (PAT)**
- VI. PLAN DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA E PROFESIONAL (POAP)**
- VII. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC)**
- VIII. PROXECTO LECTOR (PLEC)**
- IX. PLAN DE IGUALDADE (PI)**
- X. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN (TIC)**



1. DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1.1.Nome

A denominación oficial do centro é *Instituto de Ensino Secundario de Catabois*. Tras a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria o centro cambiou de denominación, pasando de *Colexio Nacional de EXB* a *IES Eugenio López y López* no ano 1996. Posteriormente, no curso 2003, pasou a denominarse *IES DE CATABOIS*, a petición do Consello Escolar, nome actual do centro.

O 14 de xullo de 2021 foi publicado o *DECRETO 107/2021, do 1 de xullo, polo que se transforman institutos de educación secundaria en centros integrados de formación profesional e se trasladan ensinanzas*, en virtude do cal as ensinanzas de bacharelato do Instituto de Educación Secundaria Leixa de Ferrol (15021469) se trasladan ao Instituto de Educación Secundaria de Catabois de Ferrol (15006687).

1.2.Titularidade e financiamento

É un centro de titularidade pública dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia e financiado, de xeito case exclusivo pola mesma.

Ademais recibe tamén achegas do Fondo Social Europeo para o funcionamento de determinados programas (PMAR, ARCO, PROA+) e da Consellaría de Emprego e Igualdade para o desenvolvemento dos Programas Formativos Básicos.

Outro financiamento suplementario vén, en ocasións, a través de convenios con algunha entidade á que se lle oferta o uso de espazos do centro.

1.3. Ubicación e contorna

O IES de CATABOIS atópase situado no Concello de Ferrol, dando a súa fronte á Estrada de Catabois en dirección Valdoviño (AC-646), á altura do número 560. Polas súas características xeográficas e sociais, pode incluírse na categoría de



“centro de carácter periférico mixto”, é dicir, está situado ás aforas da cidade próximo á zona rural circundante.

O alumnado procede da zona dos ensanches da cidade, das parroquias rurais do municipio e dos barrios periféricos. O centro responde a unha contorna socioeconómica e cultural fundamentalmente medio-baixa na que predominan familias con estudos primarios e pertencentes ao medio semirural.

Atendendo á profesión das familias, predominan os dedicados a profesións do ámbito manual-asalariado, abundan menos os funcionarios e só unha pequena cantidade se corresponde con profesións liberais.

O centro mantén relacións tanto cos centros educativos adscritos como coas asociacións da contorna, organizando e/ou participando en actividades como a Feira do libro solidario ou polo Samaín (Quilómetro do terror).

1.4. Infraestruturas

O centro escolar consta de tres edificios claramente diferenciados:

- Un primeiro edificio no que se atopan as dependencias de, Administración, Secretaría, Dirección, Sala de reunións/PFB e unha aula de usos múltiples, Orientación e ANPA. Este edificio está situado na parte dereita-superior da parcela mirando de fronte á mesma.

- Un segundo edificio onde se atopan o aulario (aulas cunha superficie media de 52 m²) e outras dependencias como conserxaría, sala de profesorado, biblioteca, dúas aulas de informática, aulas específicas de Tecnoloxía, Música e Plástica, laboratorio de ciencias, laboratorio de idiomas, aula de robótica, espazo de cafetaría, sala de usos múltiples, cuartos do persoal de limpeza, departamentos didácticos e despacho de Vicedirección e Xefatura de Estudos. O devandito edificio está situado na parte central-superior da parcela mirando de fronte á mesma.

- Un pavillón polideportivo: edificio construído con posterioridade aos dous principais que se atopa situado xusto catro metros por detrás do edificio de Administración.



- Existe ademais, na parte traseira, unha zona de patio cuberto, actualmente en proceso de renovación para a súa adecuación á nova arquitectura pedagóxica.

- No resto da parcela están situadas dúas pistas polideportivas. Entre elas existe un pequeno desnivel duns dous metros.

As infraestruturas mantéñense nun bo estado de conservación, que se verá mellorado no curso 2021-2022 no que se acometerán importantes obras de eficiencia enerxética e accesibilidade, así como de ampliación da biblioteca escolar. Tamén será rehabilitado o patio cuberto.

Polo momento, o centro conta con ramplas de acceso para persoas con discapacidade e cun ascensor para acceder ao primeiro andar.

1.5.Oferta educativa

O centro imparte as seguintes ensinanzas:

- Educación Secundaria Obrigatoria
- Bacharelato, ofertando as modalidades:
 - Ciencias e Tecnoloxía
 - Humanidades e Ciencias Sociais
- Programas Formativos Básicos (froito dun acordo entre as Consellarías de Educación e de Emprego), cos perfís de:
 - Comercio
 - Industrias Alimentarias



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



Tamén se desenvolven Programas de Mellora da Aprendizaxe e o Rendemento Académico (PMAR) no 2º curso ESO e, a partir do curso 2021-22, Programas de Diversificación Curricular (PDC) en 3º e 4º ESO como unha medida extraordinaria para a atención á diversidade.

1.6. Réxime de permanencia e horario

O ensino impártese en réxime de xornada continua.

O horario é o seguinte:

- 8:40 a 14:25 luns, mércores e venres
- 8:40 a 15:05 martes e xoves.

En todas as xornadas hai dous tempos de lecer intermedios, nos que se ofrecen múltiples actividades ao alumnado.

1.7. Centros adscritos

Os centros adscritos ao IES de Catabois son o *CEIP San Xoan de Filgueira*, o *CEIP de Pazos* e o *CEIP Almirante Juan de Lángara*. O alumnado destes centros, ao pasar ao ensino secundario, ten garantizada a praza neste instituto, sempre que formalice a súa reserva no prazo establecido pola normativa relativa ao procedemento de admisión de alumnado.

1.8. Actividades complementarias e extraescolares

No centro, ao longo do ano, desenvólvense diferentes proxectos e realízanse variadas actividades culturais e deportivas, entre as que se poden destacar:

- Proxectos de convivencia, igualdade e inclusión
- Proxectos de fomento do uso do galego
- Programa de internacionalización (intercambios escolares con outros centros da Comunidade Europea, mediante programas como Edu-exchanges, E-twinning ou Erasmus+)



- Saídas regulares para asistir a exposicións, concertos e representacións teatrais, visitar museos ou empresas
- Torneos deportivos
- Encontros con escritores/as
- Feira do libro solidaria
- Concursos didácticos e literarios

- Clubes de lectura xuvenís e de adultos
- Club de Manga
- Club de Robótica (con participación na First Lego League)
- Club de Upcycling (reciclaxe artística)
- Radio escolar
- Revista escolar "*Lembranzas*" que se vén editando dende o curso 2003/2004.

1.9. Outros servizos

1.9.1. Transporte escolar

O centro conta con servizo de transporte escolar con catro rutas:

<u>RUTA 1</u>	<u>RUTA 2</u>	<u>RUTA 3</u>	<u>RUTA 4</u>
----------------------	----------------------	----------------------	----------------------



<ul style="list-style-type: none"> ● Mougá Escolar ● Igrexa- Esmelle ● Cruce Modia- Esmelle ● Bar Cobas ● Farmacia Cobas ● Confurco ● Mandiá-Chá ● Vilela- Mandiá ● Bustelo- Mandiá ● Camiño Bustelo ● Mesón As Nogais ● Pazos G. ● <u>IES de</u> <u>CATABOIS</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ● Madrid-París ● Inferniño ● Fajardo ● Ponte das Cabras ● Pavillón Sta. Icía ● Pallota-tenda ● <u>IES de</u> <u>CATABOIS</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ● Torilla ● Serantellos ● Polo- Serantes ● Os Corrais ● Porta Canido ● Cuartel G. Civil ● Comercial Gato ● Porta de Neira ● San Pablo- Catabois ● Butano ● <u>IES de</u> <u>CATABOIS</u> 	<ul style="list-style-type: none"> ● Esteiro ● Telleiras ● Canaima ● Cuartel P. Municipal ● Beleicón ● Vivendas Sindicais ● Depósitos Sta. Mariña ● <u>IES de</u> <u>CATABOIS</u>
--	--	--	---

1.9.2. Cafetaría

Durante moitos anos o IES de Catabois contou con este servizo, aínda que actualmente non dispón del. No curso 2021-2022, a Consellería iniciou o proceso de licitación para poñer novamente en funcionamento a cafetaría escolar.

1.10. Persoal

Un total de 28 profesores/as conforman o persoal dos diferentes departamentos didácticos ao que se engaden unha orientadora, un docente de Religión, unha profesora de pedagogía terapéutica e unha docente UACO (Unidade de Acompañamento e Orientación Familiar) pertencente á rede RAOGAL.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



Ademais, anualmente, adoitamos contar con docentes de apoio a través do programa ARCO e PROA+ e con auxiliares de conversa en inglés e francés.

Aparte do persoal non docente, desempeñan as súas tarefas catro persoas de administración e servizos, entre persoal administrativo, subalterno e de limpeza.

2. SINAIS DE IDENTIDADE E VALORES

O IES de Catabois réxese pola normativa vixente en materia de educación e respecta os principios e obxectivos sinalados polas leis educativas.

O centro segue o principio de **neutralidade ideolóxica**, de maneira que renuncia a todo tipo de adoutramento, sectarismo e proselitismo.

Fórmase para a paz e o **rexeitamento da violencia**, polo tanto é unha máxima o respecto pola dignidade e a integridade persoal dos membros da comunidade escolar.

O centro aposta pola **coeducación** e a **defensa da igualdade de dereitos e oportunidades** entre homes e mulleres.

A igualdade de oportunidades será tamén promovida mediante a **non discriminación** por razón de nacemento, raza, sexo, capacidade económica, nivel social, convicións políticas, morais ou relixiosas, así como por diversidades

funcionais físicas, sensoriais e psíquicas, ou calquera outra condición e circunstancia persoal ou social.

O principio de **atención á diversidade e a inclusión** estará permanentemente presente na nosa acción educativa, dado que partimos de considerar a diversidade como unha característica intrínseca dos grupos humanos.

O noso alumnado debe formarse para a xustiza, a liberdade, a responsabilidade e a solidariedade, por iso grande parte dos proxectos van encamiñados a fomentar a apertura ao mundo e a **concienciación en actitudes cívicas e de respecto polo medio e o patrimonio**.



Todos estes valores e principios son traballados de xeito transversal nas distintas materias ou a través de proxectos anuais e actividades complementarias e extraescolares.

2.1.Linguas do Centro

Respectando a lexislación vixente, recoñécese o dereito de cada membro da comunidade escolar a utilizar calquera das linguas oficiais, pero, para contribuír á normalización lingüística do galego, emprégase esta lingua no plano administrativo e procúrase que sexa a lingua vehicular das actividades no ámbito escolar. En todo caso, debe garantirse un correcto dominio oral e escrito de ambas linguas, para o cal se cumpre co establecido no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*.

2.2.Metodoloxía para a aprendizaxe

O labor educativo baséase no respecto mutuo, o diálogo e a reflexión. No proceso de ensino-aprendizaxe téñense en conta as seguintes consideracións:

- O profesorado impulsará un proceso de aprendizaxe activo, que propicie e desenvolva as iniciativas e a creatividade do alumnado.
- O ensino adaptarase aos distintos ritmos e capacidades de aprendizaxe, de acordo co fin de educar para a diversidade.
- Aplicaranse os principios do Deseño Universal da Aprendizaxe (DUA), é dicir, proporcionarase ao alumnado múltiples accións de representación, de acción e expresión, e de formas de implicación na información que se lle presenta, facilitando o acceso aos apoios que o alumnado requira.
- En relación co anterior, deberase partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e sempre haberá que considerar as súas aprendizaxes previas.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



- Posibilitarase que o alumnado realice aprendizaxes significativas por si mesmo.
- O proceso de ensino-aprendizaxe procurará o uso correcto das novas tecnoloxías e de técnicas de traballo ou hábitos científicos, intelectuais e de saúde que fomenten no alumnado o interese por continuar a súa formación e integración na sociedade como cidadáns responsables e libres.
- Na procura dun proxecto educativo común, fomentarase a cooperación e a complementariedade do profesorado, pero admitiranse as diferenzas de estilos docentes, que ademais de enriquecedores son un exemplo de espírito democrático para o alumnado.

2.3. Xestión do Centro

A xestión do centro corre a cargo do equipo directivo e dos órganos colexiados. As súas competencias explíctanse nas Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (Anexo II).

O equipo directivo representa e defende os intereses e as aspiracións de toda a comunidade educativa, por tanto búscase implicar a todos os sectores cunha xestión transparente e un grao de flexibilidade nas actuacións que permita, cando así sexa necesario, incorporar ou modificar calquera proposta en prol da consecución dos obxectivos do centro.

2.4. Formación do profesorado

O profesorado do IES de Catabois está firmemente comprometido coa actualización de contidos e coa innovación educativa. As memorias anuais de centro (a disposición da comunidade educativa en Administración) dan boa conta desta formación continua.

Particípase todos os anos en programas de innovación educativa a través dos Contratos-Programa.

Desenvólvese anualmente un Plan de Formación Permanente do Profesorado entorno a diferentes liñas, segundo as necesidades formativas que se detecten en



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



relación ás novas metodoloxías didácticas, á utilización de recursos innovadores ou ao desenvolvemento de programas educativos específicos.

Ademais deste Plan de Formación anual, os/as docentes participan activamente en múltiples actividades de formación organizadas ben polas administracións públicas a través do Centro de Formación e Recursos, do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte; ben por outras institucións.

3. OBXECTIVOS XERAIS DO CENTRO

3.1. Ámbito pedagógico

- Seleccionar os contidos curriculares que sexan funcionais para o alumnado, procurando inserir a acción educativa dentro do seu contexto sociocultural.
- Acadar o uso fluído das dúas linguas oficiais e valorar a diversidade lingüística.
- Proporcionar ao alumnado os instrumentos de análise científica e fomentar a capacidade de observación e de crítica, así como a adquisición de traballo intelectual.
- Tentar buscar as técnicas máis apropiadas para favorecer a motivación e a actividade eficaz do alumnado.
- Facer da avaliación, tanto por parte do profesorado como do alumnado, unha verdadeira análise de todo o proceso educativo en xeral, así coma un instrumento de motivación e autoestima.
- Impulsar a acción titorial individualizada e en grupo como algo esencial na orientación educativa, así como organizar as medidas de atención á diversidade que sexan necesarias para dar resposta as necesidades do alumnado.
- Potenciar a coeducación evitando calquera tipo de discriminación.
- Estimular a expresión crítica como forma de mellorar a contorna máis próxima e mesmo a sociedade.

3.2. Ámbito institucional e administrativo



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241

Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL

e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es

<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>



- Proporcionar ao profesorado os medios e condicións que lle permitan desenvolver unha acción educativa de calidade.
- Integrar na vida do centro todos os sectores da comunidade educativa abrindo canles de información e participación.
- Xestionar de forma consensual os recursos económicos do centro.
- Organizar adecuadamente os espazos do centro.
- Manter relacións de colaboración e apoio con outras institucións, tanto educativas como sociais, culturais ou laborais.
- Abrir o centro, cos seus medios e infraestruturas, ás demandas sociais e culturais da contorna, establecendo convenios con asociacións para aproveitar as posibilidades que ofrece o centro nos tempos nos que non está en uso.

3.3. Ámbito humano e convivencial

- Establecer un marco de convivencia baseado no Plan de convivencia e nas Normas de Organización e Funcionamento que permita a todos os membros da comunidade educativa facer uso dos seus dereitos sen esquecer as súas obrigas.
- Conseguir que a convivencia no centro, estea baseada no diálogo, o respecto e a estima.

4. PRIORIDADES DE ACTUACIÓN

- Dar visibilidade ao uso da lingua galega e fomentar o seu emprego entre o alumnado.
- Potenciar as linguas estranxeiras con proxectos de intercambio
- Impulsar a igualdade fomentando unha elección de materias que se afaste dos estereotipos de xénero.



- Incrementar o uso de ferramentas e metodoloxías didácticas innovadoras.
- Favorecer a integración e inclusión do alumnado con prácticas de atención á diversidade.
- Establecer mecanismos que propicien a coordinación docente e a optimización dos espazos e recursos.
- Impulsar programas e proxectos que favorezan a convivencia no centro.

5. CONCRECIÓN CURRICULAR (Anexo I)

6. NORMAS DE ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E CONVIVENCIA (Anexo II e III)

7. DIFUSIÓN E REVISIÓN DO PEC

Este documento foi aprobado polo Claustro de Profesorado o 9/3/2022 e polo Consello Escolar o 6/5/2022.

Daráselle difusión na páxina web do centro e en Secretaría haberá un exemplar impreso a disposición da comunidade educativa.

Calquera variación parcial dos contidos deste documento e dos seus documentos anexos será tratada nos órganos competentes para a súa posterior modificación e irá recollida nas correspondentes programacións xerais anuais.

A revisión deste documento será realizada nos prazos e formas que sinale a normativa vixente.